

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-002983 (37032)**, sobre o impulso polo Goberno galego da residencia para persoas maiores no barrio da Residencia, na cidade de Lugo, para a súa posta en funcionamento, con 120 prazas públicas, antes do remate da X lexislatura.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a licitar no primeiro trimestre de 2019 a residencia de maiores no barrio da Residencia de Lugo”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2018 17:45:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/10/2018 17:45:39



Á MESA DA COMISIÓN 5.^a

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. **37032**, do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o impulso polo Goberno galego da residencia para persoas maiores no barrio da Residencia, na cidade de Lugo, para a súa posta en funcionamento, con 120 prazas publicadas, antes do remate da X lexislatura, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 17 de novembro de 2018. (10/PNC-002983)

Emenda de adición:

Débese engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

“..., para o cal se presentará, no prazo de dous meses, un plan orzamentario desagregado e un plan para integrar á veciñanza do barrio no deseño do proxecto”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/10/2018 17:53:36

Luis Villares Naveira na data 16/10/2018 17:53:42

Á MESA DA COMISIÓN 5.^a

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 27385, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe introducir o Goberno galego na vindeira lexislación sobre o xogo en Galicia, así como a elaboración e publicación na páxina web da consellaría correspondente dun informe referido á súa situación actual na comunidade autónoma, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 17 de outubro de 2018. (10/PNC-002121)

Emenda de Adición

Débense engadir os seguintes puntos:

- Dar cumprimento ao acordado por unanimidade na comisión 5^o do 12 de abril de 2018, respecto da iniciativa con número de expediente 10/PNC-001873.
- Realizar un modificación lexislativa de cara a limitar ou prohibir a publicidade en función do tipo de xogos e apostas.
- Instar ao Goberno do Estado para que realice unha modificación da regulación estatal que controle a proliferación de salas e casas de apostas.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/10/2018 18:01:42

Luis Villares Naveira na data 16/10/2018 18:01:49